



Confederación Intersindical Galega
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

Cambios no Concerto Sanitario-MUFACE

Nas pasadas semanas rematou o prazo para a renovación das distintas entidades médicas para a prestación da asistencia sanitaria aos mutualistas de MUFACE.

Pois ben, informamos que tres entidades aseguradoras: **Mafre familiar, Caser e "La Nueva Equitativa"**, e debido a razóns estritamente empresariais, non presentaron propostas para acudir ao novo concerto para os anos 2010 e 2011. Segundo os datos facilitados por MUFACE, isto supón que, aproximadamente o 15% dos funcionarios terán que cambiar de entidade médica e optar pola sanidade pública ou por outras entidades que sí renovaron o concerto coa mutualidade de funcionarios.

Para xestionar o cambio de entidade médica, desde MUFACE enviarán cartas no mes de novembro, dirixidas a todos os titulares afectados informando de todo o proceso de cambio de entidade aseguradora (modalidades, dereitos...). Estase ademais, por parte de MUFACE, estudando a posibilidade da apertura dun prazo excepcional para facer o cambio de entidade médica, que sería, exclusivamente para este colectivo, desde o 16 de decembro ata o 31 de xaneiro.

Na propia páxina web de MUFACE (www.muface.es) xa está disponible a información das medidas especiais de xestión que van levar a cabo para a tramitación dos cambios de entidade médica destes funcionarios.

SEGUIREMOS INFORMANDO

CIG-AEAT:

DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

WWW.CIGAEAT.COM